

# CS Vitivinicultura

## Ciclo formativo de grao superior

### Perfil profesional

Duración

2.000 horas

- Que se aprende a facer? Organizar, programar e supervisar a produción na industria vitivinícola controlando a produción vitícola e as operacións de elaboración, estabilización e envasamento de viños e derivados, aplicando os plans de produción, calidade, seguridade alimentaria, prevención de riscos laborais e protección ambiental, consonte a lexislación.
- Onde se realiza o traballo? En pequenas, medianas e grandes empresas vitivinícolas dedicadas á produción de uva, á elaboración, á crianza e ao envasamento de viño, así como en pequenas, medianas e grandes industrias de destilados de viño, concentración de mostos, elaboración de vinagres e outros produtos derivados da uva e do viño. Trátase de persoal por conta allea ou propia que exerce a súa actividade en labores de xestión, dirección e supervisión en áreas funcionais de recepción, produción e envasamento.
- En que postos de traballo? Técnico/a vitivinícola. Encargado/a de proceso de destilación e rectificación. Encargado/a de recepción de mostos frescos e sulfitados. Supervisor/ora de columnas de destilación e concentración. Encargado/a da liña de envasamento de destilados, concentrados e vinagres. Encargado/a de avellentamento e crianza de destilados e vinagres. Técnico/a en análise sensorial.

Cales son os módulos deste ciclo?

Módulos	Horas
Análise enolóxica	213
Cata e cultura vitivinícola	80
Comercialización e loxística na industria alimentaria	123
Empresa e iniciativa emprendedora	53
Estabilización, crianza e envasamento	140
Formación e orientación laboral	107
Formación en centros de traballo	384
Industria derivadas	87
Lexislación vitivinícola e seguridade alimentaria	140
Procesos bioquímicos	213
Proxecto na industria vitivinícola	26
Vinificacións	187
Viticultura	160
Xestión de calidade e ambiental na industria alimentaria	87

Que título se obtén? Técnico superior en vitivinicultura.

A que outros estudos se pode acceder? Acceso directo aos estudos universitarios de grao e a outro ciclo formativo de grao superior.